

PROXECTOS

Como promover a metodoloxía de proxectos desde a biblioteca escolar



APRENDER - FACENDO

Pensamos que o mellor xeito de aprender cómo promover proxectos sería “probar” a facer un pequeno proxecto.

Durante as sesións deste curso de formación (moi en especial na primeira e na última) imos tratar de construír unha **guía útil para “promover proxectos desde a biblioteca escolar”**. Organizámonos en pequenos grupos e comenzamos polo que semellaba un bo inicio: preguntándonos “Cales son as principais dificultades? Cales son as nosas dúbidas? Onde están os atrancos para cambiar? E cales serían logo as estratexias mellores para avanzar?”

Comentamos que, aprender a través de proxectos implica unha “singular mirada hacia o proceso de aprender, e tamén hacia o labor de ensinar”. Falamos de que o mellor - e máis inclusivo - xeito de aprender é participar en tarefas que impliquen facer cousas (e reflexionar). Facernos preguntas e procurarlles respostas, conversar e activar os coñecementos previos, e deseñar proxectos de investigación para buscar información útil e fiable que nos permita aprender; e que nós, os e as docentes, deberemos dar un paso atrás, para **escoitar (máis que explicar) e ceder protagonismo** nas aulas, a favor da autonomía do alumnado.

1

TEMA OU PROXECTO

Comenzamos por diferenciar conceptos: **un tema non é un proxecto!**

2


SE NON HAI PRODUTO...

A clave para o deseño dun proxecto é comenza por definir o seu **produto final**

3


O PRODUTO É UNHA EXCUSA

O interese pedagóxico non está no produto senón no proceso, **onde suceden as aprendizaxes**



TEMA / MOTIVACIÓN

Un tema interesante (próximo, achegado á realidade, democrático) e actividades que promovan a curiosidade (detonantes do conflito cognitivo) resultan necesarias.



PRODUTO / PROCESO

Definir desde o inicio que é exactamente o que queremos facer, en que formato e soporte... **Daquela poderemos ver o currículo no proxecto.**



PECHE / AVALIACIÓN

Establecer desde o inicio un acontecemento social para a exposición dos proxectos contribúe **ao seu carácter significativo e verdadeiro**. Ademais de axudar na coordinación xeral.

REFLEXIONAMOS EN GRUPOS SOBRE A METODOLOXÍA DE PROXECTOS.

A escribir aprendemos escribindo, a ler, lendo, do mesmo xeito que a montar en bicicleta. Hai que subirse, tomar riscos, cometer erros e practicar...

Comenzamos por analizar as diferencias importantes que existen entre os conceptos **TEMA e PROXECTO**. Un eixo temático, un fío condutor, un TEMA interesante (A auga, o Mar, a Idade Media, o Universo...) resulta moi útil para ofrecer un contexto para deseñar proxectos, pero é importante non confundir estes términos para non quedar prendidos en actividades interminables arredor de temáticas.

Falamos de que a **Idade Media en Soutomaior** non é exactamente un proxecto, que é unha fermosa e produtiva temática que vai dar lugar a unha Feira medieval con innumerables iniciativas (proxectos) que ofrecerán múltiples ocasións para aprender-facendo (música, textos, arte, danza, teatro, deseño, matemáticas, ciencia...)

Comentamos que a **Alimentación saudable** non é de certo un proxecto, que é un espléndido eixo temático para que un colexio innovador planifique os seus proxectos durante este curso. En particular dous: a confección dun menú saudable e a construción dun invernadoiro para o cole. Proxectos fantásticos, iniciativas que cambian a vida do cole.

E falamos doutras moitas iniciativas: Mulleres da Historia, Radio na biblio, A auga, os Ecosistemas... que miramos que eran un pouco máis “temas” que “proxectos”, e que



necesitan **definir os seus “produtos finais”**, e que estes sexan sociais (verdadeiros, útiles), que teñan interlocutores e finalidades verdadeiras. A todo isto axudará que planifiquemos o proceso e **deseñemos un “acontecemento final”** para a exposición pública, social dos traballos.

Daquela poderemos **ver mellor o currículo neses proxectos**, isto é, ver as aprendizaxes que podemos promover no proceso. Haberá que ler, que conversar; haberá que investigar, haberá que comunicar, construír textos (por veces serán multimedia, audiovisuais, dixitais...). E poderemos **procurar a avaliación do que aprendemos**, das competencias que desenvolvemos nestes proxectos, por medio de ferramentas útiles que podemos compartir co alumnado.

En definitiva, demos un repaso ás diferentes inquiredanzas que tiñamos acerca do que significa traballar a través de proxectos e **dalgunhas estratexias posibles para deseñar e organizar, desde a Biblioteca Escolar, fermosos proxectos** plenos de aprendizaxes e de experiencias memorables para todos.

E UNHA “CHULETA” PARA ORGANIZAR PROXECTOS

Para afrontar esta terceira cuestión “Cómo deseñar e organizar proxectos desde a biblioteca escolar” preparamos unha primeira proposta: un guiión mínimo para revisar os principais pasos que debemos dar. Este guiión, pode servir para compartir eses primeiros deseños entre todos. Pareceche?

Cada participante deberá revisar, completar e compartir este documento, con referencia a un pequeno proxecto de seu, no foro desta actividade. Esta “Ficha” estará dispoñible na aula virtual.

Et voilà. A traballar... e a aprender. Lémonos no foro!

